

# CONCELLOS

## MONFORTE DE LEMOS

### Anuncio



**BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN A NIVEL DE BARRIO NO “CONXUNTO HISTÓRICO E ZONAS DE RESPECTO” NO MARCO DO ACORDO Nº 18 DA COMISIÓN BILATERAL, CELEBRADA O 11 DE MAIO DE 2023, RELATIVO Ó ENTORNO RESIDENCIAL DE REHABILITACIÓN PROGRAMADA DO “CONXUNTO HISTÓRICO E ZONAS DE RESPECTO”, NO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS, EN RELACIÓN COA EXECUCIÓN DOS PROGRAMAS DE AXUDA EN MATERIA DE REHABILITACIÓN RESIDENCIAL E VIVENDA SOCIAL DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA NextGenerationEU, NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.**

#### **Primeiro. Obxecto e réxime de concesión das axudas**

1. Estas bases, de acordo co establecido no artigo 14 da lei 9/2007 do 13 de xuño de Subvencións de Galicia (LSG), teñen por obxecto regular o procedemento para participar no programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio, previsto no Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, polo que se regulan os programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do PRTR publicado no Boletín Oficial do Estado núm. 239, do 6 de outubro (en diante RD 853/2021) e a Resolución do 8 de xullo 2022 pola que se regula o procedemento para participar no Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, (R.08.07.22) financiado pola Unión Europea- NextGenerationEU e se abre o prazo de participación para a anualidade 2022 en aplicación do RD 853/2021 na Comunidade Autónoma de Galicia.

A finalidade destas axudas é financiar obras ou actuacións nas que se obteña unha mellora acreditada da eficiencia enerxética, con especial atención á envolvente edificatoria nos edificios de tipoloxía residencial colectiva, incluíndo as súas vivendas, e nas vivendas unifamiliares, incluídas dentro do Entorno Residencial de Rehabilitación Programada do “CONXUNTO HISTÓRICO E ZONAS DE RESPECTO”, no Concello de Monforte de Lemos.

2. A concesión das subvencións recollidas nestas bases tramitarase polo procedemento de concorrencia competitiva a través de convocatoria pública, entre as solicitudes presentadas no mesmo mes, ata esgotar o crédito dispoñible previsto para o contorno do convenio asinado na Comisión bilateral celebrada o 11.05.2023 entre o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a Xunta de Galicia e o Concello de Monforte de Lemos e/ou addendas que se poidan subscribir posteriormente dentro dos seus ámbitos de aplicación.

3. As subvencións deste programa rexeranse polas bases reguladoras do programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio contidas no Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, coas especificacións e limitacións recollidas na RESOLUCIÓN do 8 de xullo 2022 pola que se regula o procedemento para participar no Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio.

4. En todo o non recollido nestas bases reguladoras será de aplicación a seguinte normativa:

- a) Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu Regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.
- b) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- c) Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- d) Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia e demais disposicións relativas á execución e xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR) e do Mecanismo de recuperación e resiliencia (DOUE do 18 de febreiro).

Na falta do previsto nesta normativa, aplicaranse as normas de dereito administrativo, así como as normas de dereito privado ou outras de ámbito nacional ou europeo que poidan resultar aplicables.

5. A concesión destas axudas estará, en todo caso condicionada, á existencia de crédito orzamentario, ás resolucións ditadas polos responsables do Ministerio de Transportes, Movilidade y Agenda Urbana e/ou da Xunta de Galicia para a aplicación do Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio en Galicia e á presentación en tempo e forma da documentación requirida, de acordo coas presentes bases, no Concello de Monforte de Lemos.

#### **Segundo. Persoas e entidades beneficiarias**

1. Ao abeiro do artigo 31 do Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, poderán ser beneficiarias das axudas:

- a) As persoas propietarias ou usufrutuarias de vivendas unifamiliares illadas ou agrupadas en fila e de edificios existentes de tipoloxía residencial de vivenda colectiva, así como das súas vivendas, ben sexan persoas físicas ou ben persoas xurídicas de natureza privada.
- b) As comunidades de persoas propietarias ou as agrupacións de comunidades de persoas propietarias constituídas conforme o disposto polo artigo 5 da Lei 49/1960, do 21 de xullo, sobre propiedade horizontal.
- c) As persoas propietarias que, de forma agrupada, sexan propietarias de edificios que reúnan os requisitos establecidos polo artigo 396 do Código civil e non outorgasen o título constitutivo de propiedade horizontal, así como as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, mesmo carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo as actuacións que motivan a concesión da subvención.
- d) As sociedades cooperativas compostas de forma agrupada por persoas propietarias de vivendas ou edificios que reúnan os requisitos establecidos no artigo 396 do Código civil, así como polas persoas propietarias que conforman comunidades de persoas propietarias ou agrupacións de comunidades de persoas propietarias constituídas conforme o disposto no artigo 5 da Lei 49/1960, do 21 de xullo, de propiedade horizontal, e por cooperativas en réxime de cesión de uso das súas vivendas.
- e) As empresas arrendatarias ou concesionarias dos edificios, así como cooperativas que acrediten a dita condición, mediante contrato vixente, que lles outorgue a facultade expresa para acometer as obras de rehabilitación obxecto do programa.

2. Cando resulten beneficiarias persoas xurídicas de natureza privada, deberán declarar expresamente na solicitude que se encontran debidamente constituídas, conforme a normativa que lles resulte de aplicación.

Para que as entidades que carezan de personalidade xurídica propia sexan beneficiarias, coa excepción das comunidades de persoas propietarias, deberán facer constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe da subvención que se aplicará por cada un deles. Nestes casos, deberá nomearse unha persoa representante ou apoderada única da agrupación con poderes bastantes.

3. Non poderán obter a condición de persoas ou entidades beneficiarias aquelas que estean incursas nalgunha das causas previstas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, agás a da letra e) dos citados artigos, relativa á obriga de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social.

4. Cando a execución da actuación corresponda a varias persoas ou entidades beneficiarias, a axuda distribuirase en proporción ao custo e a responsabilidade asumido por cada unha.

5. Cando a persoa propietaria da vivenda e a persoa arrendataria dela acorden que esta última financie ao seu cargo as actuacións de rehabilitación que correspondan, a cambio do pagamento da renda, a persoa arrendataria poderá solicitar da comunidade de persoas propietarias ou, de ser o caso, da persoa propietaria única, a adopción do correspondente acordo que se require para solicitar estas axudas. Neste suposto, a persoa arrendataria poderá ter a consideración de beneficiaria.

6. No caso de que a persoa beneficiaria da axuda sexa unha persoa física ou xurídica de natureza privada que exerza actividades económicas ou comerciais, aplicarase o seguinte réxime en materia de axudas de Estado:

a) Cando a suma do importe das axudas concedidas nos últimos tres anos fiscais e da contía da axuda solicitada nesta convocatoria sexa inferior a 200.000 euros, aplicarase o disposto no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis.

b) Cando a suma do importe das axudas concedidas nos últimos tres anos fiscais e da contía da axuda solicitada nesta convocatoria sexa igual ou superior aos 200.000 euros, aplicarase o disposto no Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, aplicando a exención correspondente ás axudas ao investimento destinadas a medidas de eficiencia enerxética regulada no artigo 38.

O sometemento a esta norma de exención comunitaria require o cumprimento das seguintes condicións:

1º. Que se exclúan como posibles beneficiarias as empresas en crise, de acordo coa definición do artigo 2.18 do dito Regulamento (UE) nº 651/2014, e as que teñan unha orde de recuperación pendente tras unha decisión da Comisión que declarase unha axuda ilegal e incompatible co mercado interior.

2º. Que a solicitude da axuda sexa anterior ao inicio das actuacións subvencionables, para cumprir o requisito de que a axuda teña efecto incentivador.

3º. Que a intensidade da axuda non supere as porcentaxes sinaladas no artigo 38 do devandito Regulamento 651/2014, isto é, o 35 % dos custos subvencionables, que pode incrementarse nun 10 % para as medianas empresas e nun 20% para as pequenas empresas. Para determinar o cumprimento da intensidade máxima de axuda debe terse en conta o importe total das axudas estatais concedidas para os mesmos custos subvencionables.

### **Terceiro. Axente ou xestor da rehabilitación**

1. De conformidade co disposto no artigo 8 do Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, entenderase por axente ou xestor da rehabilitación a persoa física ou xurídica, ou entidade pública ou privada, que poida realizar as actuacións de impulso, seguimento, xestión e percepción de axudas públicas, mediante mecanismos de cesión do dereito de cobramento ou similares, acceso ao financiamento, elaboración de documentación ou proxectos técnicos ou outras actuacións necesarias para o desenvolvemento das actuacións de rehabilitación que poidan ser obxecto do financiamento a través do programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio, xestionado pola Oficina de Rehabilitación do Concello de Monforte de Lemos.

2. A actuación dos axentes ou xestores da rehabilitación esixirá que acheguen un documento que acredite o acordo coa propiedade, comunidade de persoas propietarias ou agrupación de comunidade de persoas propietarias, que lles faculte e autorice para actuar como tales.

3. A participación do axente ou xestor da rehabilitación non exime á persoa ou entidade beneficiaria de cumprir todas as obrigas que lle incumben, sen prexuízo da responsabilidade que, ademais, se lle poida exixir ao dito axente ou xestor.

### **Cuarto. Actuacións subvencionables**

1. De conformidade co establecido no artigo 33 do Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, son actuacións subvencionables as de mellora ou rehabilitación que se realicen en vivendas unifamiliares ou en edificios de tipoloxía residencial colectiva de uso vivenda. No suposto de edificios de tipoloxía residencial colectiva esixirase que, polo menos, o 50% da súa superficie construída sobre rasante, excluída a planta baixa ou plantas inferiores se ten ou teñen outros usos compatibles, teña uso residencial de vivenda.

2. As ditas actuacións deben cumprir os seguintes requisitos:

a) Conseguir unha redución de, polo menos, un 30 % no indicador de consumo de enerxía primaria non renovable, referida á certificación enerxética e, ademais, unha redución da demanda enerxética anual global de calefacción e refrixeración da vivenda unifamiliar ou do edificio de, polo menos, un 35 %, ao atoparse o ERRP do “CONXUNTO HISTÓRICO E ZONAS DE RESPECTO” de Monforte de Lemos en zona climática D.

b) Cumprir coa normativa vixente que lles sexa de aplicación, así como contar coas preceptivas licenzas e autorizacións administrativas no caso de que estas as requiran.

3. No caso de edificios suxeitos a algún nivel de protección por formar parte dun contorno declarado ou por razón do seu particular valor arquitectónico ou histórico en que estean limitadas as actuacións sobre os elementos que compoñen a envolvente térmica, non será necesario o cumprimento do requisito de redución de demanda enerxética anual global de calefacción e refrixeración. Non obstante, aqueles elementos da envolvente sobre os que se poida intervir deben cumprir cos valores límite de transmitancia

térmica e de permeabilidade ao aire, cando proceda, establecidos na táboa 3.1.1.a–HE1 e 3.1.3.a–HE1, do Documento básico DB HE de aforro de enerxía do Código técnico da edificación.

4. Así mesmo, nos edificios en que se realizasen nos últimos catro anos intervencións de mellora da eficiencia enerxética en que poida acreditarse que se reduciu a demanda enerxética anual global de calefacción e refrixeración nunha porcentaxe igual ou superior á establecida no punto 2.a) anterior, quedan eximidos do cumprimento do requisito de redución de demanda enerxética anual global de calefacción e refrixeración. Cando nas ditas intervencións non se alcanzase unha redución igual ou superior á porcentaxe establecida, poderá considerarse satisfeito o requisito se coa consideración conxunta das actuacións realizadas nas citadas intervencións e as que se realicen na actuación obxecto da solicitude se alcanza a correspondente porcentaxe de redución de demanda establecida.

Para acreditar a dita circunstancia deberase achegar a correspondente certificación de eficiencia enerxética do edificio antes desas intervencións realizadas e, ademais, calquera documentación que acredite a realización das citadas intervencións, como poden ser autorizacións, proxecto ou memoria, certificado de final de obra, facturas, etc.

5. Ademais do indicado no punto 2, para que as actuacións sexan subvencionables deberase:

a) Dispoñer de proxecto das actuacións que se pretenden realizar, no caso de que estas esixan proxecto. Para o caso de que as actuacións non esixan proxecto, será necesario xustificar nunha memoria subscrita por un/unha técnico/a competente a adecuación da actuación ao Código técnico da edificación e demais normativa de aplicación. En ámbolos casos deberá incluírse o libro do edificio existente para a rehabilitación ou, na súa falta, un estudo sobre o potencial de mellora do edificio en relación cos requisitos básicos definidos na Lei da ordenación da edificación e un plan de actuacións en que se identifique a actuación proposta. O contido destes documentos deberá axustarse ao establecido no anexo I e no punto 2 do artigo 50 do Real decreto 853/2021, do 5 de outubro.

O proxecto incluírá un estudo de xestión de residuos de construción e demolición que se desenvolverá posteriormente no correspondente plan de xestión de residuos de construción e demolición, consonte o establecido no Real decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, onde se cumprirán as seguintes condicións:

1º. Polo menos, o 70 % (en peso) dos residuos de construción e demolición non perigosos (excluíndo o material natural mencionado na categoría 17 05 04 na Lista europea de residuos establecida pola Decisión 2000/532/EC) xerados no sitio de construción preparárase para a súa reutilización, reciclaxe e recuperación doutros materiais, incluídas as operacións de recheo utilizando residuos para substituír outros materiais, de acordo coa xerarquía de residuos e o Protocolo de xestión de residuos de construción e demolición da UE.

2º. Os operadores deberán limitar a xeración de residuos nos procesos relacionados coa construción e demolición, de conformidade co Protocolo de xestión de residuos de construción e demolición da UE, tendo en conta as melloras técnicas dispoñibles e utilizando a demolición selectiva para permitir a eliminación e manipulación segura de substancias perigosas e facilitar a reutilización e reciclaxe de alta calidade mediante a eliminación selectiva de materiais, utilizando os sistemas de clasificación dispoñibles para residuos de construción e demolición. Así mesmo, establecerase que a demolición se leve a cabo preferiblemente de forma selectiva e a clasificación realizárase de forma preferente no lugar de xeración dos residuos.

b) Apoiar a circularidade mediante os deseños dos edificios e as técnicas de construción e, en particular, demostrarán, con referencia á ISO 20887 ou outras normas para avaliar a capacidade de desmontaxe ou adaptabilidade dos edificios, como están deseñados para seren máis eficientes no uso de recursos, adaptables, flexibles e desmontables para permitir a reutilización e reciclaxe.

c) Retirar do edificio ou ámbito de actuación aqueles produtos de construción que conteñan amianto. A retirada deberá realizala, conforme o establecido no Real decreto 396/2006, do 31 de marzo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables aos traballos con risco de exposición ao amianto, unha empresa legalmente autorizada. A xestión dos residuos orixinados no proceso deberá realizarse conforme o establecido no Real decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.

d) Contar cun certificado de eficiencia enerxética do edificio existente no seu estado actual, asinado por un técnico competente e rexistrado no Rexistro Galego de Eficiencia Enerxética de Edificios (en diante, RGEEE).

6. Non serán subvencionables as actuacións de investimento en xeradores térmicos que utilicen combustible de orixe fósil.

7. As actuacións non poderán estar iniciadas antes do 1 de febreiro de 2020, nin estar finalizadas no momento da publicación destas bases e convocatoria no BOP da provincia de Lugo.

8. O prazo para executar as obras para a mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade nos edificios que se acollan ás axudas deste programa non poderá exceder do **día 30 de xuño de 2026**. A documentación acreditativa da finalización das actuacións e do cumprimento do obxecto da subvención deberá presentarse antes do **30 de setembro de 2026**.

#### **Quinto. Contía das axudas e custo subvencionable**

1. De conformidade co artigo 15 do Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, a contía máxima da subvención que se concederá por edificio determinarase atendendo ao custo total das actuacións que se vaian desenvolver e non poderá superar os límites resultantes que se describen a seguir:

a) No caso de vivendas unifamiliares, a cantidade obtida de multiplicar a porcentaxe máxima da subvención polo custo das actuacións, ata o importe máximo por vivenda, establecidos na **táboa 5.1**, en función do nivel de aforro en consumo de enerxía primaria non renovable conseguido mediante a actuación.

b) No caso de edificios de tipoloxía residencial colectiva, a cantidade obtida de multiplicar a porcentaxe máxima da axuda polo custo das actuacións, ata o importe máximo obtido de multiplicar o número vivendas polo importe máximo por vivenda incrementado, de ser o caso, pola contía de axuda por metro cadrado de superficie construída sobre rasante de local comercial ou outros usos distintos a vivenda, establecidos na **táboa 5.1**, en función do nivel de aforro en consumo de enerxía primaria non renovable conseguido mediante a actuación.

Para poder computar as contías establecidas por cada metro cadrado sobre rasante de uso comercial ou outros usos será necesario que os predios correspondentes participen nos custos de execución da actuación.

#### **Táboa 5.1**

| Aforro enerxético conseguido coa actuación | Porcentaxe máxima da subvención do custo da actuación | Vivenda                            | Locais comerciais ou outros usos          |
|--|---|------------------------------------|---|
|  |   | Contía máxima da axuda por vivenda | Contía máxima da axuda por m <sup>2</sup> |
| $30\% \leq \Delta C_{ep,n.ren} < 45\%$     | 40%   | 8.100 €                            | 72 €                                      |
| $45\% \leq \Delta C_{ep,n.ren} < 60\%$     | 65%   | 14.500 €                           | 130 €                                     |
| $\Delta C_{ep,n.ren} \geq 60\%$            | 80%   | 21.400 €                           | 192 €                                     |

2. Naqueles casos en que se teñan que retirar elementos con amianto, poderá incrementarse a contía máxima da axuda na cantidade correspondente aos custos debidos á retirada, á manipulación, ao transporte e á xestión dos residuos de amianto mediante empresas autorizadas, ata un máximo de 1.000 euros por vivenda ou 12.000 euros por edificio obxecto de rehabilitación, o que resulte superior.

3. Dentro dos límites establecidos na táboa anterior, poderán considerarse subvencionables os custos de xestión inherentes ao desenvolvemento das actuacións e os gastos asociados, os honorarios dos profesionais intervinientes na xestión e desenvolvemento das actuacións, o custo da redacción dos proxectos, informes técnicos e certificados necesarios, os gastos derivados da tramitación administrativa e outros gastos xerais similares, sempre que todos eles estean debidamente xustificadas. Non se consideran custos subvencionables os correspondentes a licenzas, taxas, impostos ou tributos. Non obstante, o IVE poderá ser considerado elixible sempre e cando non poidan ser susceptibles de recuperación ou compensación total ou parcial.

4. O importe íntegro das contías das axudas percibidas polas persoas ou entidades beneficiarias ou, de ser o caso, polo axente ou xestor da rehabilitación que, ao abeiro do ordinal terceiro, actúe por conta daquelas, destinarase ao pagamento das correspondentes actuacións. Cando se trate de comunidades de persoas propietarias e agrupacións de comunidades de persoas propietarias, esta regra resultará igualmente de aplicación, con independencia de que tanto o importe dela coma o custo das obras deba repercutirse nas persoas propietarias de vivendas e, de ser o caso, nas persoas propietarias de locais comerciais ou predios doutros usos compatibles, de conformidade coas regras previstas na lexislación sobre propiedade horizontal.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, cando algún dos membros da comunidade de persoas propietarias ou da agrupación de comunidades de persoas propietarias non puidese percibir a axuda por algunha causa legal, non se atribuirá á dita persoa propietaria ou usufrutuaria a parte proporcional que lle correspondería da axuda recibida, que se rateará entre os restantes membros da comunidade ou agrupación.

#### **Sexto. Axuda adicional por vulnerabilidade económica**

1. De conformidade co disposto no artigo 15.2 do Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, cando se identifiquen situacións de vulnerabilidade económica nalgunha das persoas físicas propietarias ou usufruarias das vivendas, e de acordo cos criterios establecidos na comisión bilateral de seguimento, poderá concederse unha axuda adicional que poderá alcanzar ata o 100 % do custo da actuación imputable á dita persoa propietaria ou usufrutuaria de acordo cos criterios establecidos nas táboas 6.1 e 6.2, e condicionada, en todo caso, ao cumprimento dos requisitos en materia de eficiencia enerxética esixidos neste programa:

**Táboa 6.1**

| Edificio de tipoloxía residencial colectiva, por vivenda |                             |  |                                     |                              |
|--|-----------------------------|--|-------------------------------------|------------------------------|
| Ingresos en veces IPREM ponderados                       |                             | Axuda en función do aforro enerxético conseguido |                                     |                              |
|  |                             | $30\% \leq \Delta Cep, nren < 45\%$              | $45\% \leq \Delta Cep, nren < 60\%$ | $\Delta Cep, nren \geq 60\%$ |
| Menos ou igual a 2,1                                     | Porcentaxe axuda            | 100%   | 100%                                | 100%                         |
|  | Contía máxima de subvención | 20.250,00  | 22.308,00                           | 26.750,00                    |
| Entre 2,1 e 2,6 veces                                    | Porcentaxe axuda            | 60%  | 75%                                 | 90%                          |
|  | Contía máxima de subvención | 12.150,00  | 16.731,00                           | 24.075,00                    |

**Táboa 6.2**

| Vivenda unifamiliar                |                             |  |                                     |                              |
|------------------------------------|-----------------------------|--|-------------------------------------|------------------------------|
| Ingresos en veces IPREM ponderados |                             | Axuda en función do aforro enerxético conseguido |                                     |                              |
|                                    |                             | $30\% \leq \Delta Cep, nren < 45\%$              | $45\% \leq \Delta Cep, nren < 60\%$ | $\Delta Cep, nren \geq 60\%$ |
| Menos ou igual que 2,1             | Porcentaxe axuda            | 100%   | 100%                                | 100%                         |
|                                    | Contía máxima de subvención | 22.550,00  | 24.538,80                           | 29.425,00                    |
| Entre 2,1 e 2,6 veces              | Porcentaxe axuda            | 60%  | 75%                                 | 90%                          |
|                                    | Contía máxima de subvención | 13.530,00  | 18.404,10                           | 26.482,50                    |

As persoas físicas propietarias ou usufrutuarias de vivendas interesadas nesta axuda adicional deberán cubrir, en todo caso, o anexo dispoñible na Oficina de Rehabilitación, de declaración responsable de composición da unidade de convivencia e xustificar os ingresos da mesma.

2. Os ingresos sinalados nos cadros anteriores ponderaranse de acordo coa composición da unidade familiar, en función do indicador público de renda de efectos múltiples -IPREM- (14 pagas) multiplicado polo coeficiente multiplicativo corrector que corresponda ao número de membros da unidade familiar, segundo a seguinte táboa:

| NÚMERO DE MEMBROS             | COEFICIENTE CORRECTOR |
|-------------------------------|-----------------------|
| Familias de 1 membro          | 1                     |
| Familias de 2 membros         | 0,9                   |
| Familias de 3 membros         | 0,8                   |
| Familias de 4 membros         | 0,75                  |
| Familias de 5 ou máis membros | 0,7                   |

3. Se algún membro da unidade familiar é unha persoa con discapacidade, nas condicións establecidas na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas, o coeficiente corrector aplicable será o do tramo seguinte ao que lle correspondese conforme o previsto na táboa anterior.

No caso de mulleres xestantes, o/a fillo/a ou fillos/as concibidos/as e non nacidos/as contarán como membros da unidade familiar para os efectos da aplicación do coeficiente multiplicativo corrector previsto na táboa anterior, sempre que na aplicación desta fórmula se obteña un maior beneficio. Igual tratamento terá a acreditación de adopción en trámite. O embarazo acreditarase de acordo co disposto na Lei 5/2010, do 23 de xuño, pola que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada, e na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

4. No suposto de que a unidade de convivencia estea composta por máis dunha unidade familiar das recollidas na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas, os ingresos de cada unidade familiar convertidos en número de veces o IPREM e ponderados de acordo co previsto nos números anteriores, sumaranse, e o resultado deberá ser inferior aos límites máximos previstos nos cadros anteriores.

5. Para os efectos do establecido neste ordinal, os termos incluídos neste artigo interpretaranse co significado e alcance seguintes:

a) Unidade de convivencia da persoa beneficiaria: conxunto de persoas que habitan e gozan dunha vivenda de forma habitual e permanente, así como con vocación de estabilidade, con independencia da relación que exista entre todas elas.

b) Persoa con discapacidade: interpretarase de conformidade co Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

c) Indicador público de renda de efectos múltiples (en diante, IPREM): é o indicador definido no Real decreto lei 3/2004, do 25 de xuño, para a racionalización da regulación do salario mínimo interprofesional e para o incremento da súa contía; considerarase unidade de medida para a determinación da contía dos ingresos familiares, no seu cómputo anual, incluíndo dúas pagas extras. Para os efectos do cálculo, terase en conta o IPREM correspondente ao exercicio 2023.

#### **Sétimo. Prazo de presentación de solicitudes**

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto desde o primeiro día hábil seguinte ao da publicación destas bases no BOP da provincia de Lugo ata o 30 de decembro de 2025, agás que, con anterioridade, se esgotase o crédito orzamentario, o que será obxecto de publicación no BOP da provincia de Lugo e na páxina web do Concello de Monforte de Lemos.

#### **Oitavo. Solicitudes**

1. As solicitudes presentaranse no rexistro do Concello de Monforte de Lemos, de xeito presencial ou a través da sede electrónica (<https://sede.monfortedelemos.es/>). O formulario para a solicitude e que se incorpora na presente resolución como anexo I, está dispoñible na Oficina de Rehabilitación, sita nas Casitas da Compañía (correo electrónico: [oficinarehabilitacion@concellodemonforte.com](mailto:oficinarehabilitacion@concellodemonforte.com))

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica do Concello de Monforte de Lemos.

2. No modelo de solicitude deberán constar os seguintes campos: o tipo de persoa ou entidade solicitante; os datos do edificio ou vivenda unifamiliar que se vai rehabilitar; a referencia catastral; o número total de vivendas e, de ser o caso, de locais do edificio que se vai rehabilitar, con indicación da superficie construída total sobre rasante; as superficies construídas sobre rasante con destino a vivenda e a locais e outros usos compatibles; o consumo de enerxía primaria non renovable e a demanda enerxética conxunta de calefacción e refrixeración actual e a prevista tras a rehabilitación; as emisións de CO2 antes e despois da actuación; a cualificación enerxética do edificio en consumo enerxético e en emisións antes e despois da actuación, así como o número e data da inscrición do certificado de eficiencia enerxética do edificio no estado actual no RGEEE; o número total de vivendas partícipes nas obras e interesadas na subvención; a superficie total de locais partícipes nas obras e interesados na subvención; o investimento total; o custo subvencionable e o importe total da axuda solicitada.

3. No modelo de solicitude deberán realizar as seguintes declaracións:

a) Declaración responsable de que non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para a mesma finalidade. No caso de ter solicitado ou obtido algunha outra axuda, deberá indicar cales e a súa contía.

b) Declaración responsable de que non se lle concedeu ningunha axuda de minimis. No caso de ter solicitado ou obtido axuda de minimis, deberá indicar cales e a súa contía.

c) Compromiso de comunicar inmediatamente calquera outra subvención que solicite e/ou obteña en réxime de minimis doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración, con indicación da súa contía.

d) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, agás a da letra e) dos ditos artigos relativa á obriga de atoparse ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social.

e) Declaración responsable de estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, de conformidade co artigo 21 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, co artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e co artigo 9 do seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

f) Declaración responsable de que a empresa a que se represente non está en crise, de acordo coa definición de empresa en crise que establece o punto 18 do artigo 2 do Regulamento (UE) nº 651/2014, do 17 de xuño de 2014, de ser o caso.

g) No caso de persoas xurídicas de natureza privada, declaración de que se encontran debidamente constituídas, conforme a normativa que lles resulte de aplicación.

h) Declaración responsable de que as obras non se iniciaron antes do 1 de febreiro de 2020 nin están rematadas no momento da publicación desta convocatoria no BOP da provincia de Lugo.

i) Declaración responsable de que coñece e acepta os contidos e obrigas recollidos nas bases reguladoras e na convocatoria deste programa.

j) Declaración de que todos os datos da súa solicitude son certos.

## **Noveno. Documentación complementaria**

1. As persoas e entidades interesadas deberán presentar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Documentación acreditativa da representación da persoa ou entidade que actúe no nome da persoa física ou xurídica de natureza privada ou entidade solicitante, de ser o caso. A representación deberá acreditarse a través do modelo normalizado dispoñible na Oficina Municipal de Rehabilitación ou por calquera outro medio válido en dereito.

b) Escritura pública, certificado, nota simple rexistral ou calquera outro documento que acredite a titularidade da propiedade ou do usufruto do inmovible, no caso de que a solicitante sexa unha persoa física, unha persoa xurídica de natureza privada ou unha agrupación de persoas propietarias que non consten como titulares catastrais.

c) Proxecto da actuación que se vai realizar ou, na súa falta, memoria xustificativa da actuación, que deberán contar coa conformidade da persoa beneficiaria. A documentación mínima desta memoria será a descrición da situación actual e das actuacións que se pretenden realizar, a xustificación do cumprimento da normativa, en particular, do CTE-HE, o orzamento desagregado por ámbitos de actuación e planos. Así mesmo, na documentación do proxecto da actuación ou na memoria xustificativa da actuación, segundo corresponda, incluírase o aforro de consumo de enerxía primaria non renovable estimado con respecto á situación inicial, o investimento subvencionable e a contía da axuda solicitada. O proxecto ou a memoria deberán cumprir o establecido no punto 5 do ordinal cuarto destas bases.

No caso de atoparse nun dos supostos de excepcionalidade total ou parcial do cumprimento da redución da demanda enerxética previsto nos puntos 3 ou 4 do ordinal cuarto destas bases, deberán xustificalo no dito proxecto da actuación ou na memoria técnica xustificativa da axuda e acreditalo cos documentos correspondentes.

d) Libro do edificio existente para a rehabilitación ou, na súa falta, dun estudo sobre o potencial de mellora do edificio en relación cos requisitos básicos definidos na Lei da ordenación da edificación e un plan de actuacións en que se identifique a actuación proposta.

e) Certificado de eficiencia enerxética obtido considerando realizadas as actuacións previstas no proxecto, suscrito por unha persoa técnica competente, realizado co mesmo programa recoñecido de certificación que o utilizado para o certificado rexistrado no seu estado actual, en que se acredite o cumprimento dos requisitos establecidos para a obtención da axuda. Con este certificado xuntaranse, ao correo electrónico da Oficina de Rehabilitación ([oficinarehabilitacion@concellodemonforte.com](mailto:oficinarehabilitacion@concellodemonforte.com)), os arquivos de cálculo (.xml, .cee ou .hee, etc.) xerados polo programa utilizado para a súa elaboración.

f) Contrato ou oferta asinada e orzamento desagregado por partidas, medicións, prezos unitarios e totais, co IVE desagregado correspondente e a súa aceptación expresa por parte da persoas beneficiarias. Na folla resumo por capítulos deberán constar a sinatura e selo da empresa, o seu NIF e a data. As características das partidas deste orzamento deberán coincidir coas especificadas no proxecto ou a memoria, e coas descritas no certificado de eficiencia enerxética.

g) Copia de tres orzamentos, de conformidade co establecido no artigo 31 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no suposto de que o importe correspondente aos custos elixibles da actuación supere a contía de 40.000 euros en obras e/ou 15.000 euros en servizos e

subministracións para o mesmo contratista ou provedor. A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme os criterios de eficiencia e economía, e deberase xustificar expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

h) Solicitude de licenza ou comunicación previa, segundo proceda, ou compromiso da súa presentación no prazo de tres meses dende a notificación da resolución de concesión da axuda. Se as obras están iniciadas, licenza urbanística ou comunicación previa cunha declaración responsable de que non foron requiridas polo concello para a súa emenda e, ademais, certificado do inicio das obras asinado pola persoa técnica titulada competente ou acta de implantación, asinada e datada pola persoa directora da obra e da empresa construtora e co visto e prace da propiedade.

i) Documentación acreditativa de que o inmovible está suxeito a algún nivel de protección de patrimonio cultural, se fora o caso, esta documentación será facilitada pola Oficina de Rehabilitación.

j) Reportaxe fotográfica, preferentemente en cor, de todas aquelas zonas que se van ver afectadas polas actuacións de rehabilitación, así como da fachada principal do edificio.

k) Acordo entre as persoas arrendadora e arrendataria en que se faculte esta última para realizar ao seu cargo as actuacións de rehabilitación que correspondan, a cambio do pagamento da renda, no suposto de que a persoa beneficiaria sexa a arrendataria, de conformidade co previsto no punto 5 de ordinal segundo, se for o caso.

l) No suposto das empresas arrendatarias ou concesionarias dos edificios, así como cooperativas previstas no punto 1.e) do ordinal segundo, contrato vixente que lles outorgue a facultade expresa para acometer as obras de rehabilitación obxecto do programa.

m) Anexo II, de comprobación de datos das persoas partícipes e entidades nas obras e interesadas na subvención, para o caso do edificio de tipoloxía residencial colectiva de vivenda (deben presentarse tantos anexos II como vivendas e locais partícipes e interesados na subvención se sinalen nos anexos I, III e IV).

n) Anexo III, de certificado da persoa secretaria ou administradora do acordo da comunidade de persoas propietarias ou da agrupación de comunidades de persoas propietarias constituídas conforme o disposto no artigo 5 da Lei 49/1960, do 21 de xullo, sobre propiedade horizontal, ou da asemblea da cooperativa, polo que se aproba a execución das obras de rehabilitación obxecto das axudas, onde conste o nomeamento da persoa representante autorizada para solicitar a subvención, de ser o caso.

ñ) Anexo IV, de certificado da agrupación de persoas físicas, de persoas xurídicas de natureza privada ou de persoas físicas, de persoas xurídicas de natureza privada ou declaración da comunidade de bens, propietarias no seu conxunto do edificio obxecto da actuación, que reúnan os requisitos establecidos no artigo 396 do Código civil e non outorgasen o título constitutivo de propiedade horizontal onde se acorda a execución das obras, se nomea unha persoa representante da agrupación, con poderes bastantes, debendo especificar a relación das persoas copropietarias, con indicación dos compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe da subvención aplicable por cada un deles, de ser o caso.

o) Avaliación favorable de adecuación ou declaración responsable do cumprimento do principio de non causar un prexuízo significativo ao ambiente» no sentido establecido no número 6 do artigo 2 do Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que

se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia. No caso de optar pola declaración responsable, axustarase ao contido do anexo V.

p) Anexo VI, de declaración de compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR e que poidan afectar o obxecto de xestión, e de ausencia de conflito de intereses en relación coa execución e actuacións do PRTR.

q) Anexo VII, de declaración de cesión e tratamento de datos en relación coa execución e actuacións do PRTR.

2. No caso de que se identifiquen, ao abeiro do ordinal sexto, situacións de vulnerabilidade económica nas persoas físicas propietarias ou usufrutuarías de vivendas e interesadas na axuda adicional, deberá presentarse coa solicitude, de ser o caso, a seguinte documentación:

a) Anexo VIII, de declaracións responsables e comprobación de datos das persoas físicas propietarias ou usufrutuarías das vivendas e das persoas integrantes das súas unidades de convivencia (deben presentarse tantos anexos VIII como persoas físicas interesadas na axuda adicional se sinalen nos anexos I ou II).

b) Declaración do imposto da renda das persoas físicas. No suposto de que non presentase declaración do imposto da renda das persoas físicas ou perciba algunha das rendas exentas previstas no artigo 7 da Lei 35/2006, do 28 de novembro. Xunto coa declaración responsable achegarase a seguinte documentación, de ser o caso:

– Certificado de retribucións e retencións da empresa ou empresas nas cales estivese de alta no devandito exercicio.

– Certificado de pensións ou prestacións periódicas, emitido polo correspondente organismo oficial, no caso de non ser outorgadas polo Instituto Nacional da Seguridade Social.

– Certificados bancarios de rendementos do capital mobiliario.

– Certificado da contía percibida pola renda de integración social de Galicia

c) No suposto de ser nai xestante, certificado médico ou documentación acreditativa de tal estado.

d) Certificado acreditativo de adopción en trámite.

e) Certificado ou volante de empadramento da persoa física solicitante e das persoas físicas interesadas na subvención, así como das persoas integrantes das súas unidades de convivencia.

f) Certificado de discapacidade da persoa física solicitante ou, de ser o caso, das persoas físicas interesadas na subvención, así como das persoas integrantes das súas unidades de convivencia.

#### **Décimo. Forma de presentación da documentación complementaria**

1. A documentación complementaria deberá presentarse de xeito electrónico (na sede do Concello de Monforte de Lemos ou no correo electrónico da Oficina Municipal de Rehabilitación [oficinarehabilitacion@concellodemonforte.com](mailto:oficinarehabilitacion@concellodemonforte.com)). Se algunha das persoas ou entidades interesadas presentase a documentación complementaria de xeito presencial, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica.

Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

2. As persoas e as entidades interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias presentadas pola persoa ou entidade interesada, para o cal poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberanse indicar o departamento responsable do procedemento e o número de rexistro de entrada da solicitude.

4. No caso de que algún dos documentos que se vaia presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica, permitirase a súa presentación de forma presencial, na Oficina de Rehabilitación.

#### **Décimo primeiro. Comprobación de datos**

1. Para a tramitación destas axudas, deberán presentarse os seguintes documentos, ou autorizar a súa consulta nos casos en que sexa posible facelo dende a Oficina de Rehabilitación, a efectos da súa comprobación:

a) Documento nacional de identidade (en diante, DNI) ou número de identidade de estranxeiro/a (en diante, NIE) da persoa solicitante, así como das persoas propietarias, usufrutuarias ou arrendatarias das vivendas e, de ser o caso, dos locais do edificio, partícipes nas obras e interesadas na subvención.

b) Número de identificación fiscal (en diante, NIF) da persoa xurídica de natureza privada ou da entidade solicitante.

c) DNI/NIE da persoa representante, de ser o caso.

d) NIF da entidade representante, de ser o caso.

e) Certificado acreditativo de estar ao día no pagamento, no momento do pagamento da subvención, coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (en diante, AEAT), coa Seguridade Social e/ou coa Comunidade Autónoma de Galicia, da persoa solicitante ou, de ser o caso, das persoas que sexan membros da comunidade de persoas propietarias, da agrupación de comunidades de persoas propietarias ou da agrupación de persoas propietarias, ou de sociedades cooperativas, que participen nas obras e estean interesadas na subvención.

f) Certificado catastral de titularidade correspondente á persoa solicitante ou, de ser o caso, ás persoas que sexan membros da comunidade de persoas propietarias, da agrupación de comunidades de persoas propietarias ou da agrupación de persoas propietarias, ou da sociedade cooperativa, que participen nas obras e estean interesadas na subvención.

g) Consulta descritiva e gráfica dos datos catastrais da vivenda ou vivendas en que se van levar a cabo as actuacións, que acredite o seu uso, para as actuacións promovidas por comunidades ou por agrupacións de comunidades de persoas propietarias ou por agrupacións de persoas propietarias, por sociedades cooperativas ou pola persoa propietaria.

h) Consulta de bens inmobles da persoa física solicitante ou, de ser o caso, das persoas físicas que sexan membros de comunidades ou agrupacións de comunidades de persoas propietarias ou da agrupación de persoas propietarias, das sociedades cooperativas ou das comunidades de bens, que participen nas obras e interesadas na subvención.

i) Consulta de subvencións e axudas da persoa física solicitante ou, de ser o caso, das persoas físicas que sexan membros de comunidades ou agrupacións de comunidades de persoas propietarias ou da agrupación de persoas propietarias, das sociedades cooperativas ou das comunidades de bens, que participen nas obras e interesadas na subvención.

j) Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas da persoa física solicitante ou, de ser o caso, das persoas físicas que sexan membros de comunidades ou agrupacións de comunidades de persoas propietarias ou da agrupación de persoas propietarias, das sociedades cooperativas ou das comunidades de bens, que participen nas obras e interesadas na subvención.

2. Consultaranse ou aportaranse (cando non sexa posible a consulta telemática), ademais, os seguintes datos cando a persoa interesada faga constar na solicitude que lle é de aplicación a circunstancia que acredita o documento correspondente:

a) Certificado da renda expedido pola AEAT da persoa física solicitante ou, de ser o caso, das persoas físicas que sexan membros de comunidades ou agrupacións de comunidades de persoas propietarias ou da agrupación de persoas propietarias, das sociedades cooperativas ou das comunidades de bens, que participen nas obras e interesadas na subvención, así como das persoas integrantes das súas unidades de convivencia, no suposto de que declarase atoparse no suposto de vulnerabilidade económica.

b) Certificado de discapacidade expedido pola Xunta de Galicia da persoa física solicitante ou, de ser o caso, das persoas físicas que sexan membros de comunidades ou agrupacións de comunidades de persoas propietarias ou da agrupación de persoas propietarias, das sociedades cooperativas, das comunidades de bens que participen nas obras e interesadas na subvención, así como das persoas integrantes das súas unidades de convivencia, no suposto de que declarase atoparse en situación de vulnerabilidade económica.

c) Consulta das prestacións do Rexistro de prestacións sociais públicas, incapacidade temporal e maternidade do Instituto Nacional da Seguridade Social, da persoa solicitante, así como das persoas que integran a súa unidade de convivencia, no suposto de que declarase atoparse en situación de vulnerabilidade económica.

d) Certificado das percepcións da renda de integración social de Galicia (Risga) da persoa física solicitante ou, de ser o caso, das persoas físicas que sexan membros de comunidades ou agrupacións de comunidades de persoas propietarias ou da agrupación de persoas propietarias, das sociedades cooperativas, das comunidades de bens que participen nas obras e interesadas na subvención, así como das persoas integrantes das súas unidades de convivencia, no suposto de que declarase atoparse en situación de vulnerabilidade económica.

e) Importes das prestacións de desemprego percibidos pola persoa física solicitante ou, de ser o caso, das persoas físicas que sexan membros de comunidades ou agrupacións de comunidades de persoas propietarias ou da agrupación de persoas propietarias, das sociedades cooperativas, das comunidades de

bens que participen nas obras e interesadas na subvención, así como das persoas integrantes das súas unidades de convivencia, no suposto de que declarase atoparse en situación de vulnerabilidade económica.

f) Consulta de concesións de subvencións pola regra de minimis, no caso de que a persoa beneficiaria da axuda sexa unha persoa física ou xurídica de natureza privada que exerza actividades económicas ou comerciais.

3. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos. Cando así o esixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

4. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas ou as entidades interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

#### **Décimo segundo. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes**

Todos os trámites administrativos que as persoas e entidades interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados a través da Oficina de Rehabilitación.

#### **Décimo terceiro. Xestión e instrución do programa**

O Concello de Monforte de Lemos tramitará as correspondentes convocatorias de axudas con arranxo aos requisitos previstos no Plan de recuperación, transformación e resiliencia, en particular, os establecidos no Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, e na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia e demais normativa de aplicación ao dito plan, así como á normativa estatal e autonómica reguladora das subvencións e, en particular, asegurará a presentación das declaracións previstas na citada orde tanto para as persoas que interveñen na tramitación e xestión das convocatorias como as que teñan que presentar as persoas beneficiarias das axudas.

#### **Décimo cuarto. Procedemento de concesión**

1. Se as solicitudes non reunisen algún dos requisitos esixidos nas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria, requirirase a persoa ou entidade solicitante para que, no prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, de conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixese, se considerará que desiste na súa petición, despois da correspondente resolución, nos termos do artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

2. O Concello de Monforte de Lemos poderá requirir á persoa ou a entidade solicitante para que presente cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento e solicitará os informes pertinentes para comprobar que as solicitudes presentadas cumpren os requisitos esixidos polas bases reguladoras, por esta convocatoria e pola demais normativa de aplicación.

3. Unha vez completado o expediente e despois das comprobacións e inspeccións que se consideren oportunas, a Oficina de Rehabilitación emitirá informe sobre o cumprimento dos requisitos e elevará a proposta de resolución á Xunta de Goberno Local, onde se resolverá o que en dereito proceda.

4. Para os efectos da concesión das axudas, terase en conta a orde cronolóxica de entrada das solicitudes no rexistro do Concello de Monforte de Lemos, aplicándolle a tódalas solicitudes presentadas no mesmo mes os criterios de avaliación establecidos nestas bases, ata que se esgote o orzamento dispoñible no acordo asinado entre o IGVS e o Concello de Monforte de Lemos o día 11 de maio de 2023. Considérase data de presentación aquela en que a solicitude quedase validamente presentada, por terse cuberto na forma correcta e estar acompañada da totalidade dos documentos esixidos nestas bases.

5. Para os efectos desta convocatoria, considerarase esgotado o orzamento cando se efectúe a selección da solicitude seleccionada no último lugar que totalice o importe total do crédito desta convocatoria.

6. Os criterios de avaliación que se aplican ás solicitudes presentadas en cada unha das mensualidades durante as que permaneza aberta a presente convocatoria son os seguintes:

- Actuacións que obteñan unha maior redución na demanda enerxética do edificio:

- Actuacións con redución no consumo de enerxía non renovable  $\geq$  ao 30% e  $<$  ao 45%, 20 puntos.
- Actuacións con redución no consumo de enerxía non renovable  $\geq$  ao 45% e  $<$  ao 60%, 40 puntos.
- Actuacións con redución no consumo de enerxía non renovable  $\geq$  ao 60% , 60 puntos.

- Actuacións que afecten a cuberta (cumprindo a redución de demanda enerxética mínima establecida nos requisitos do Programa), 10 puntos.

- Actuacións que afecten aos cerramentos (cumprindo a redución de demanda enerxética mínima establecida nos requisitos do Programa), 10 puntos.

- Actuacións que afecten ás carpinterías exteriores (cumprindo a redución de demanda enerxética mínima establecida nos requisitos do Programa), 10 puntos.

- Actuacións que, ademais das obras de mellora da envolvente, empreguen enerxías renovables para o sistema de calefacción, 10 puntos.

En igualdade de condicións nos requisitos anteriores teranse en conta por orde de maior a menor preferencia os seguintes aspectos:

- Actuacións promovidas por propietarios en situación de vulnerabilidade económica con preferencia de aqueles con rendas máis baixas.

- Intervencións nas que se prevexa a retirada de elementos con amianto.

- Emprego de materiais sostibles.

- Interese arquitectónico do edificio proposto.

- Intervencións contiguas en rúas.

#### **Décimo quinto. Resolución e recursos**

1. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución deste procedemento será de tres meses, contados dende o mes seguinte ao da data de presentación da solicitude que inclúa a documentación relacionada no ordinal noveno. Finalizado o citado prazo sen que se dite e notifique a resolución, as persoas ou entidades solicitantes poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

2. A resolución estimatoria indicará a persoa ou entidade beneficiaria, as actuacións subvencionables, o custo elixible, a contía da subvención concedida, as condicións que se deberán cumprir para a execución da obra, o seu prazo de finalización e de xustificación e, de ser o caso, a procedencia do financiamento da axuda con cargo aos fondos europeos.

Cando a actuación proposta requira proxecto e a solicitude inclúa inicialmente só a memoria, a resolución de concesión da axuda quedará suxeita á condición resolutoria de que, no prazo máximo de tres meses desde a notificación da resolución de concesión, se achegue o proxecto da actuación que se vaia realizar correspondente á axuda concedida, segundo a letra c) do punto 1 do ordinal noveno, así como a documentación das letras e) e g) do mesmo punto 1 do ordinal noveno, que deberá achegarse xunto co proxecto dentro do referido prazo.

3. As persoas beneficiarias disporán dun prazo de dez días hábiles, contados dende o día seguinte ao da notificación da resolución de concesión, para a súa aceptación, transcorrido este sen que se produciise manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

#### **Décimo sexto. Obrigas das persoas e entidades beneficiarias**

Ademais das recollidas nos artigos 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, as persoas e as entidades beneficiarias terán as seguintes obrigas:

a) Executar as actuacións subvencionadas dentro dos prazos máximos que se establezan na respectiva resolución de concesión, cumprindo as condicións e prescricións que nela se establezan.

b) Xustificar a execución da actuación presentando os documentos sinalados nas bases reguladoras e no ordinal décimo oitavo destas bases.

c) Someterse ás actuacións de comprobación e inspección que o Concello de Monforte, ou o IGVS considere pertinentes durante o proceso de execución e as que deriven da normativa aplicable á xestión de axudas financiadas cos fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021.

d) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

e) Comunicar ao Concello de Monforte de Lemos a alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas deste programa.

f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

g) Estar ao día nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento en que se aboan as subvencións.

h) Dar a adecuada publicidade e información de que as actuacións están subvencionadas no marco do Programa de axudas ás actuacións de rehabilitación a nivel de edificios, de conformidade co establecido no artigo 34.2 do Regulamento (UE) nº 2021/241, no artigo 35.7 do Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, e no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan

de recuperación, transformación e resiliencia. En concreto, cumprir co establecido no citado artigo 34.2 do Regulamento (UE) nº 2021/241, que indica que os perceptores de fondos da Unión farán mención da orixe deste financiamento e velarán por darlle visibilidade, incluído, cando proceda, mediante o emblema da Unión e unha declaración de financiamento adecuada que indique “financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU”, en particular cando promovan as accións e os seus resultados, facilitando información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público».

i) Garantir o pleno cumprimento do principio de «non causar un prexuízo significativo ao ambiente» (principio do no significant harm-DNSH) e a etiquetaxe climática e dixital, de acordo co previsto no Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR), aprobado polo Consello de Ministros o 27 de abril de 2021, e polo Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia.

j) Conservar os documentos xustificativos dos fondos recibidos durante un período de cinco anos a partir do pagamento do saldo ou, na falta do dito pagamento, da operación. Este período será de tres anos se o financiamento é dun importe inferior ou igual a 60.000 euros.

k) Cumprir as demais obrigas que derivan das bases reguladoras contidas no Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, e destas bases e convocatoria.

#### **Décimo sétimo. Modificación da resolución**

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención ou, de ser o caso, a obtención concorrente doutras subvencións e axudas, fóra dos casos permitidos por esta resolución, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión da subvención ou á súa revogación.

2. En todo caso, a modificación da resolución de concesión realizarase nos termos do artigo 35 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

#### **Décimo oitavo. Xustificación da subvención**

1. As persoas e as entidades beneficiarias deberán comunicar á Oficina de Rehabilitación de Monforte de Lemos a finalización das obras previstas na resolución de concesión e presentar a documentación xustificativa das actuacións realizadas. Estas comunicacións, realizaranse mediante a presentación dun anexo normalizado, que se poderá obter na Oficina de Rehabilitación, xunto coa documentación correspondente descrita nos puntos seguintes.

2. A comunicación de execución parcial das actuacións deberá realizarse nun prazo máximo de quince días, contados dende o seguinte ao da finalización das obras, e deberá ir acompañada da seguinte documentación, de forma individualizada, que non se presentase con anterioridade:

a) Licenza urbanística.

b) Memoria económica xustificativa do custo das actuacións realizadas, en que se faga constar o cumprimento das actuacións. Conterá a relación clasificada de gastos polas actuacións realizadas, coas correspondentes facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, onde consten a identificación da persoa acreedora, o seu importe e a súa data de emisión, así como os documentos que xustifiquen o seu pagamento. Para estes efectos, o seu

pagamento deberá xustificarse mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados pola persoa ou entidade solicitante.

c) Memoria explicativa das obras realizadas, conforme o proxecto ou memoria presentado, asinada pola persoa técnica competente.

d) De ser o caso, fotografías que mostren as obras realizadas, preferentemente en cor.

e) De conformidade co sinalado no punto 3 do ordinal décimo noveno, documento acreditativo da constitución das correspondentes garantías, cando estas sexan obrigatorias.

f) Xustificación de estar ao día no pagamento, no momento do pagamento da subvención, coa AEAT, coa Seguridade Social e/ou coa Comunidade Autónoma de Galicia, de ser o caso, das persoas que sexan membros da comunidade de persoas propietarias, da agrupación de comunidades de persoas propietarias ou da agrupación de persoas propietarias, ou de sociedades cooperativas, que participen nas obras e interesadas na subvención.

3. De conformidade co sinalado nos números 7 e 12 do artigo 35 do Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, a comunicación da execución final das actuacións deberá realizarse nun prazo máximo de tres meses, contados dende a finalización do prazo máximo concedido para a súa execución na resolución de concesión, e a súa xustificación deberá vir acompañada da documentación sinalada a continuación que non se presentase con anterioridade:

a) Proxecto da obra realmente executada, no caso de que as actuacións requiran proxecto.

b) Licenza urbanística.

c) Certificado final da obra suscrito pola dirección facultativa e a dirección da execución da obra, de ser o caso.

d) Certificado da instalación térmica, de ser o caso, suscrito polo director da instalación ou instalador autorizado, rexistrado na consellería competente en materia de industria.

e) Memoria da actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, conforme ó esixido polas bases reguladoras e pola resolución de concesión da axuda, con indicación das actividades realizadas, dos resultados obtidos e da data de conclusión das actuacións. Esta memoria será realizada e suscrita pola persoa técnica titulada competente autora do proxecto ou da dirección facultativa da execución da actuación. Nela farase constar o cumprimento da normativa de obrigado cumprimento que lle sexa de aplicación.

f) Certificado de eficiencia enerxética obtido unha vez rematadas as actuacións e realizado co mesmo programa recoñecido de certificación que o utilizado para o certificado previo á intervención, suscrito por unha persoa técnica competente, en que se acredite o cumprimento dos requisitos establecidos para a obtención da axuda, e inscrito no RGEEE.

g) Reportaxe fotográfica das obras executadas, preferentemente en cor, onde se mostre o cartel publicitario de carácter permanente, de tamaño suficiente para que sexa perfectamente visible e lexible, en que consten claramente o título do proxecto e a denominación e a imaxe do programa e que mencione a

axuda económica outorgada pola Unión Europea incluíndo o emblema da Unión e unha declaración de financiamento adecuada que indique “financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU”.

h) Declaración responsable que inclúa detalle doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do importe e da súa procedencia.

i) Relación certificada e copia dos pedidos e/ou contratos relativos ás actuacións realizadas.

j) Relación certificada e copia das facturas e dos seus correspondentes xustificantes bancarios de pagamento, relativos ao investimento realizado e que respondan ao orzamento e contratos presentados.

k) Para os proxectos cunha axuda concedida inferior a 100.000 euros poderá entregarse, de maneira opcional, conta xustificativa coa achega de xustificantes de gasto, segundo o previsto nos números 1 e 2.a), b), e) e f) do artigo 72 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo. Neste suposto non será obrigatorio achegar a documentación que se indica nas letras e) e i) anteriores.

Opcionalmente, poderá entregarse a conta xustificativa coa achega do informe de auditor, nas condicións previstas no artigo 74 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 50 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

l) Xustificación de estar ao día no pagamento, no momento do pagamento da subvención, coa AEAT, coa Seguridade Social e/ou coa Comunidade Autónoma de Galicia, de ser o caso, das persoas que sexan membros da comunidade de persoas propietarias, da agrupación de comunidades de persoas propietarias ou da agrupación de persoas propietarias, ou de sociedades cooperativas, que participen nas obras e interesadas na subvención.

4. A documentación presentarse na mesma forma que a solicitude e a documentación complementaria.

5. Transcorridos os prazos indicados no punto 1 deste ordinal sen que as persoas ou entidades beneficiarias presenten a documentación xustificativa da execución das obras, o órgano instrutor requirirállela para que a presenten nun prazo improrrogable de dez días.

#### **Décimo noveno. Pagamento da subvención. Anticipos. Pagos á conta**

1. O pagamento, total ou parcial da subvención, requirirá que a persoa ou entidade beneficiaria presente a documentación relacionada no ordinal anterior. A subvención aboarase mediante transferencia bancaria no número de conta sinalado para estes efectos no anexo normalizado da solicitude.

2. Poderanse dar anticipos ás persoas e entidades beneficiarias que así o soliciten, mediante o anexo normalizado correspondente, sempre e cando, ao abeiro do disposto nos artigos 37.2 do Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, e o artigo 63 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, se cumpran as seguintes condicións:

a) Que non superen o 50 % do importe total da axuda concedida á persoa ou entidade beneficiaria.

b) Que se destinen exclusivamente a cubrir gastos da actuación obxecto da subvención e se xustifiquen adecuadamente.

c) Que os destinatarios últimos destes anticipos acrediten que están ao día no pagamento das obrigas de reembolso de calquera outro anticipo concedido anteriormente con cargo aos créditos especificamente consignados para a xestión de fondos europeos nos orzamentos xerais do Estado, de acordo co establecido no artigo 61.3 do Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, e nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As persoas e entidades beneficiarias deberán presentar co anexo normalizado, de solicitude do anticipo, un documento coa xustificación da necesidade do anticipo, con indicación do investimento que exige pagamentos inmediatos.

Estes anticipos non terán que ser obxecto de garantía por parte da persoa beneficiaria, de acordo co establecido no artigo 37 do Real decreto 853/2021, do 5 de outubro.

3. De conformidade co artigo 62 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, poderán realizarse pagamentos á conta de ata o 80 % da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos que hai que xustificar. De conformidade co artigo 64.i) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, se o importe das subvencións concedida excede os 18.000 euros, será necesario constituír garantías para os pagamentos á conta, sinaladas no punto seguinte.

Segundo o artigo 67 do citado regulamento, as garantías constituídas polas persoas ou entidades beneficiarias obrigadas deberán cubrir o 110 % das cantidades que serán aboadas á conta. As ditas garantías serán constituídas na Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia mediante seguro de caución prestado por entidade aseguradora ou mediante aval solidario da entidade de crédito, que deberá alcanzar ata os dous meses seguintes á finalización do prazo de xustificación previsto na convocatoria.

#### **Vixésimo. Cesión do dereito de cobramento**

1. As persoas e as entidades beneficiarias poderán ceder o dereito de cobramento da súa subvención á persoa contratista das obras obxecto desta axuda ou ao axente ou xestor da rehabilitación, de ser o caso. Neste caso, deberán presentar, xunto coa comunicación da finalización da actuación e a documentación prevista no ordinal décimo oitavo, o correspondente anexo normalizado, debidamente cuberto.

2. A cesión do dereito de cobramento non afectará as obrigas asumidas polas persoas ou entidades beneficiarias como consecuencia da concesión da axuda, incluídas as de xustificación da subvención, nin as facultades do Concello de Monforte e o IGVS, sobre a revogación, modificación ou revisión da resolución de concesión e, de ser o caso, do reintegro da subvención.

3. No caso de cesión do dereito de cobramento da subvención á persoa contratista das obras ou ao axente ou xestor da rehabilitación, a persoa e a entidade beneficiaria estará exenta de presentar os xustificantes de pagamento, previstos no ordinal décimo oitavo, do importe correspondente a estes dereitos cedidos.

#### **Vixésimo primeiro. Compatibilidade das axudas**

1. De conformidade co disposto no artigo 36 do Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, as subvencións deste programa serán compatibles con calquera outra axuda pública para o mesmo obxecto, sempre que non se supere o custo total das actuacións e sempre que a regulación das outras axudas, xa sexan de ámbito nacional ou europeo, o admita. É de aplicación o disposto no artigo 9 do Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, que establece que a axuda

concedida no marco do Mecanismo se sumará á proporcionada de acordo cos outros programas e instrumentos da Unión, precisando que as reformas e os proxectos de investimento poderán recibir axuda doutros programas e instrumentos da Unión sempre que a dita axuda non cubra o mesmo custo, evitando o dobre financiamento entre programas do Mecanismo de recuperación e resiliencia, así como con outros instrumentos da Unión. En todo caso, na consecución dos fitos e obxectivos establecidos na Decisión de execución do Consello, do 16 de xuño de 2021, relativa á aprobación da avaliación do Plan de recuperación e resiliencia de España, vinculados co desenvolvemento deste programa, consideraranse exclusivamente as actuacións financiadas a través do Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España.

2. Non poderán obter o financiamento correspondente a este programa os beneficiarios de axudas do programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de edificio.

3. Este programa será compatible co Programa de axuda ás actuacións de mellora da eficiencia enerxética en vivendas e coas axudas da ARI do conxunto histórico e zonas de respecto de Monforte de Lemos, sempre e cando quede acreditado que non se subvenciona o mesmo custo.

4. Cando o proxecto recibise unha subvención con cargo ao programa 5, de axuda á elaboración do libro do edificio existente para a rehabilitación e a redacción de proxectos de rehabilitación (procedemento VI406G), descontarase da cantidade recibida ao determinar a contía da subvención con cargo a este programa, na forma indicada no artigo 14.2 do Real decreto 853/2021, do 5 de outubro. A contía máxima da axuda con cargo a este programa determinarase incluíndo o custo dos honorarios dos profesionais intervintes no investimento subvencionable e descontando da dita contía máxima a axuda concedida dentro do citado programa 5.

#### **Vixésimo segundo. Perda e reintegro da subvención. Criterios de gradación de posibles incumprimentos**

1. Serán causa de perda e reintegro da subvención, ademais das previstas no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o incumprimento das obrigas recollidas no ordinal décimo sexto destas bases. Así mesmo, poderá ser causa de perda da subvención a non comunicación ao órgano instrutor de calquera modificación das circunstancias determinantes do recoñecemento da subvención.

2. A perda do dereito á percepción da axuda outorgada levará consigo, de ser o caso, o reintegro das cantidades aboadas ata ese momento, incrementadas cos xuros de demora dende a data do seu pagamento.

3. Conforme o artigo 36.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, os membros da comunidade de persoas propietarias e as persoas propietarias de edificios formalmente agrupadas que non outorgasen o título constitutivo de propiedade horizontal responderán solidariamente da obriga de reintegro, en proporción á súa respectiva participación na actuación.

4. O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito a cobrar a subvención e, de ser o caso, para facer efectiva a devolución, será o establecido no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

5. Se o aforro do consumo de enerxía primaria non renovable finalmente obtido por comparación entre os certificados de eficiencia enerxética do edificio antes e despois da actuación, realizados ambos co mesmo programa recoñecido de certificación, resultase inferior ao estimado inicialmente no proxecto, a contía da subvención axustarase ao nivel de aforro realmente obtido, segundo o disposto na táboa 15.1 do artigo 15

do Real decreto 853/2021, do 5 de outubro. Se o aforro de consumo de enerxía primaria non renovable finalmente obtido fora inferior ao 35 %, ou non se cumprisen as exixencias relativas á redución da demanda enerxética anual global de calefacción e refrixeración establecidas no artigo 14 do Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, ou calquera outra exixencia das establecidas no citado real decreto, a axuda sería revogada.

6. O cumprimento parcial das condicións establecidas ou a realización en prazo de só unha parte da actuación comprometida dará lugar ao axuste e pagamento parcial da axuda outorgada, sempre que non procedese a revogación da axuda por incumprimento doutras obrigas esenciais ou requisitos establecidos no Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, e sen prexuízo da obriga de reintegro proporcional que correspondese, de ser o caso.

#### **Vixésimo terceiro. Notificacións**

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. As notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica do Concello de Monforte de Lemos (accedendo a “Meus trámites”, “Consulta de notificacións”). O Concello remitirá ás persoas e ás entidades interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e rexeitadas cando transcorreran dez días naturais dende a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

4. Se o envío da notificación electrónica non fora posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

#### **Vixésimo cuarto. Control e loita contra a fraude**

1. Os beneficiarios destas subvencións someteranse ás actuacións de control que realice o IGVS e o Concello de Monforte para o seguimento dos proxectos aprobados e ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma ou do Concello de Monforte, así como ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, de ser o caso, á autoridade de xestión e aos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo e ás verificacións do artigo 22 do Regulamento (UE) nº 241/2021.

2. Calquera persoa que teña coñecementos de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación cos proxectos financiados con cargo a fondos procedentes da Unión Europea, como é o caso, poderá poñer os ditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) da Intervención Xeral da Administración do Estado, nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, do 6 de abril, do citado servizo, a través da canle habilitada na web <https://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/medidas-antifraude/snca-olaf>. Sen prexuízo disto, tamén poderá empregar a canle de denuncias sobre irregularidades ou condutas de fraude, que terá a súa sede no Sistema integrado de atención á cidadanía (SIACI) ([https://www.xunta.gal/sistema-integrado-de-atencion-a-cidadania?langId=gl\\_ES](https://www.xunta.gal/sistema-integrado-de-atencion-a-cidadania?langId=gl_ES)).

#### **Vixésimo quinto. Análise sistemática do risco de conflito de intereses**

O procedemento de concesión destas subvencións está suxeito á análise sistemática e automatizada do risco de conflito de intereses prevista na disposición adicional centésimo décimo segunda da Lei 31/2022, do 23 de decembro, e na Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executan o Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

De acordo co establecido no artigo 7 da Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, o órgano de concesión da subvención poderá solicitar ás persoas solicitantes da subvención a información da súa titularidade real cando a AEAT non dispoña desa información e así o indicase mediante a correspondente bandeira negra, tendo en conta a análise realizada a través de MINERVA. Este suposto non implicará a suspensión automática do procedemento en curso, pero a dita información deberá achegarse ao órgano de concesión da subvención no prazo de cinco días hábiles dende que se formule a solicitude de información. A falta desta información no prazo sinalado será motivo de exclusión do procedemento.

Os datos, unha vez recibidos, serán adecuadamente custodiados de acordo co Regulamento (UE) nº 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 (Regulamento xeral de protección de datos), e coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. A través de MINERVA, o responsable de operación levará a cabo un novo control ex ante do risco de conflito de intereses, indicando, en lugar da persoa solicitante da subvención, as persoas titulares reais recuperadas polo órgano de concesión da subvención.

#### **Vixésimo sexto. Transparencia e bo goberno**

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para que aquela cumpra as obrigas previstas no título I da citada lei.

#### **Vixésimo sétimo. Tratamento de datos de carácter persoal**

Os datos dos solicitantes ou dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras.

Os referidos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía de Dereitos dixitais e o Regulamento Xeral Europeo de Protección de Datos 2016/679, do 27 de abril, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Monforte de Lemos, así como os departamentos do IGVS e do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana que traten estes expedientes a nivel autonómico ou estatal, de ser o caso.

Os solicitantes das subvencións poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición supresión, portabilidade, limitación do tratamento de información e a non ser obxecto de decisións

individuais automatizadas ante a Oficina de Municipal de Rehabilitación do Concello de Monforte de Lemos.

#### **Vixésimo oitavo. Normativa de aplicación**

A concesión destas axudas rexerese pola seguinte normativa:

- Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos.
- Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
- Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Real Decreto 853/2021, do 5 de outubro, polo que se regulan os programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Real decreto 903/2022, de 25 de outubro, polo que se modifica o Real decreto 42/2022, de 18 de xaneiro, polo que se regula o Bono Aluguer Xuventude e o Plan estatal para o acceso á vivenda 2022-2025, así como o Real decreto 106/2018, de 9 de marzo polo que se regula o Plan estatal de vivenda 2018-2021, e o Real decreto 853/2021, de 5 de outubro polo que se regulan os programas da axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento dos fitos e obxectivos de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executen o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Resolución 1/2022, do 12 de abril, da Secretaría Xeral de Fondos Europeos, pola que se establecen instrucións a fin de clarificar a condición de entidade executora, a designación de órganos responsables de medidas e órganos xestores de proxectos e subproxectos, no marco do sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- A lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia; e o D11/2009 polo que se aproba o regulamento da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Ademais da normativa anterior, e en todo o que non fose descrito nas presentes bases, seranlles de aplicación as seguintes disposicións:

- Real Decreto 903/2022, do 25 de outubro, polo que se modifican o Real Decreto 42/2022, do 18 de xaneiro, polo que se regula o Bono Alugueiro Novo e o Plan Estatal para o acceso á vivenda 2022-2025, así como o Real Decreto 106/2018, do 9 de marzo, polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, e o Real Decreto 853/2021, do 5 de outubro, polo que se regulan os programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

- Resolución do 8 de xullo 2022 pola que se regula o procedemento para participar no Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea- NextGenerationEU e se abre o prazo de participación para a anualidade 2022 (código de procedemento VI406H).

- A lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.

- A lei 9/2017, do 8 de novembro de contratos do sector público.

- A lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, na redacción dada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local e a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local.

- A lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

- A lexislación básica do Estado en materia de réxime local.

Esta normativa será de aplicación de non existir unha disposición posterior que a anule ou a modifique.

#### **Vixésimo noveno. Financiamento**

As subvencións reguladas por estas bases, de conformidade co acordo da comisión bilateral relativo o Entorno Residencial de Rehabilitación Programada do “CONXUNTO HISTÓRICO E ZONAS DE RESPECTO” no Concello de Monforte de Lemos, financiaranse con cargo aos fondos transferidos polo Ministerio de Transportes, Movilidade e Axenda Urbana, mediante a resolución de data 26 de outubro de 2021, dentro do “Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio” (Programa 1).

#### **Trixésimo. Convocatoria**

Estas Bases entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Ábrese a convocatoria de axudas ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio, no marco do Plan de recuperación transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, dende o día seguinte da publicación destas Bases, no BOP da provincia de Lugo, ata o día 30 de abril de 2026





**SOLICITUDE DE AXUDAS AS ACTUACIONES DE REHABILITACION A NIVEL DE BARRIO (folia 2 de 6)**

**DATOS DO EDIFICIO OU VIVENDA**

| <input type="checkbox"/> Edificio de tipoloxía residencial colectiva             |                        | <input type="checkbox"/> Vivenda unifamiliar |                         |                                   |
|--|------------------------|--|-------------------------|-----------------------------------|
| TIPO DE VÍA  | NOME DA VÍA            | NÚMERO                                       | BLOQUE                  |                                   |
|  |                        |  |                         |                                   |
| ANDAR  | PORTA                  |  |                         |                                   |
|  |                        |  |                         |                                   |
| PARROQUIA  |                        | LUGAR  |                         |                                   |
|  |                        |  |                         |                                   |
| CODIGO POSTAL  | PROVINCIA              | CONCELLO                                     | LOCALIDADE              |                                   |
|  |                        |  |                         |                                   |
| REFERENCIA CATASTRAL DO EDIFICIO/VIVENDA   |                        |  |                         |                                   |
|  |                        |  |                         |                                   |
| NO CASO DE EDIFICIO DE TIPOLOXÍA RESIDENCIAL COLECTIVA:                          |                        |  |                         |                                   |
| Número fofol de vivendas do edificio:  |                        |  |                         |                                   |
| Número fofol de locais do edificio:  |                        |  |                         |                                   |
| Nº de vivendas participes nos obras e interesadas do subvención:                 |                        |  |                         |                                   |
| Sup. de locais interesados nos obras e participes na subvención (m2):            |                        |  |                         |                                   |
| Superficie construída sobre rasante (m2):  |                        |  |                         |                                   |
| Superficie construída sobre rasante con destino a vivenda (m2):                  |                        |  |                         |                                   |
| Sup. construída sobre rasante con destino a locais e outros usos (m2):           |                        |  |                         |                                   |
|  | ACTUAL PREVIO AS OBRAS | PREVISTO POSTERIOR AS OBRAS                  | PORCENTAXE DE AFORRO(%) |                                   |
| Consumo de enerxía primaria non renovable do edificio ou vivenda (KWh/m2 ano)    |                        |  |                         |                                   |
| Demanda enerxética conxunta de calefacción e refrigeración (KWh/m2 ano)          |                        |  |                         |                                   |
| Emisións totales de CO2 (kgCO2/m2.o no)  |                        |  |                         |                                   |
|  | ACTUAL PREVIA AS OBRAS | PREVISTA POSTERIOR AS OBRAS                  |                         |                                   |
| Coeficiente enerxético do edificio en emisión, (letra)                           |                        |  |                         |                                   |
| Coeficiente enerxético do edificio en consumo (letra)                            |                        |  |                         |                                   |
|  | NÚMERO DE INSCRICIÓN   | DATA DE INSCRICIÓN                           |                         |                                   |
| Certificado de eficiencia enerxética do edificio ou vivenda existente no RGE EEG |                        |  |                         |                                   |
| ACTUACIONES SUBVENCIONABLES  | INVERSIÓN TOTAL        | LIXTO SUBVENCIONABLE                         |                         | IMPORTE XERAL DA AXUDA SOLICITADA |
|  |                        | SENIVE                                       | CONIVE                  |                                   |
| Obra   |                        |  |                         |                                   |
| Honorarios+ otros  |                        |  |                         |                                   |
| Retirada de amianto  |                        |  |                         |                                   |
| TOTAL  |                        |  |                         |                                   |

**SOLICITUDE DE AXUDAS AS ACTUACIONES DE REHABILITACION A NIVEL DE BARRIO (folia 3 de 6)**

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:**

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención.

Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a **segur se relacionan:**

| ORGANISMO | ANO | IMPORTE(€) | DISPOSICIÓN REGULADORA |
|-----------|-----|------------|------------------------|
|           |     |            |                        |
|           |     |            |                        |
|           |     |            |                        |

2. Que en relación con axudas de minimis:

Non solicitou nin se lle concedeu ningunha axuda de minimis.

Si solicitou e/ou se lle concederon axudas de minimis, que son as que a **seAuir se relacionan:**

| ORGANISMO | ANO | IMPORTE(€) | DISPOSICIÓN REGULADORA |
|-----------|-----|------------|------------------------|
|           |     |            |                        |
|           |     |            |                        |
|           |     |            |                        |

Asimesma, compromete, e a comunicar inmediatamente toda a axuda que solicite e abteia en rexime de minimis, de outras administracións públicas ou de outros entes públicos, nacionais ou internacionais, a parlires da data desta declaración, sinalando a súa contía.

3. Non estar incursado en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 10.2 do Ley 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, agós a da letra e) dos citados artigos relativos a obriga de atoparse a corrente no cumprimento dos obrigas tributarias ou fronte a Seguridade Social.

4. Que está a corrente do pago as obrigacións por reintegro de subvencións, conforme a artigo 21 do Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, e a artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, e a artigo 9 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro.

5. Que a empresa non está en crise, de acordo coa definición de empresa en crise que establece o punto 18 do artigo 2 do regulamento IUE) nº 651/2014, de 17 de xuño de 2014, no seu caso.

6. No caso de persoas físicas de natureza privada, que se atopan debidamente constituídas, conforme a normativa que lle resulte de aplicación.

7. Que as obras non se iniciaron antes do 1 de febreiro de 2020 nin están rematadas no momento da publicación desta convocatoria no BOP.

8. Que coñece e acepta os contidos e obrigas recollidos nos bases reguladoras e na convocatoria deste programa.

9. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

**DOCUMENTACIÓN QUE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE**

Escritura pública, certificado ou nota simple rexistrada ou calquera outro documento que acredite a titularidade da propiedade ou do usufruto do inmovible, no caso de que a solicitante sexa unha persoa física, unha persoa física de natureza privada ou una agrupación de persoas propietarias que non consten como titulares, cónxugais.

Proxecto do actuación ou, no seu caso, memoria justificativa do actuación. A documentación será a descrición da situación actual e das actuacións que se pretenden reforzar, a xustificación do cumprimento da normativa, en particular, do CTE-HE, o orzamento desagregado por ámbitos de actuación e planos. Así mesmo, incluírase o aforro de consumo de enerxía primaria non renovable estimado con respecto a situación inicial o investimento subvencionable e a contra da axuda solicitada.

## SOLICITUDE DE AXUDAS AS ACTUACIONES DE REHABILITACION A NIVEL DE BARRIO (folia 4 de 6)

DOCUMENTACIÓN QUE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE (continúa)

- D** Libro do edificio existente para a rehabilitación ou, no seu defecto, dun estudo sobre o potencial de mellora do edificio en relación cos requisitos básicos definidas na Ley de ordenación do edificio e un plan de actuacións no que se identifique a actuación proposta.
- D** Certificado de eficiencia enerxética do edificio existente obtido considerando realizados as actuacións previstas no proxecto, realizado co mesmo programa recoñecido de certificación que o utilizado para o certificado previo á intervención, subsaído por unha persoa técnica competente, no que se acredite o cumprimento dos requisitos establecidos para a obtención da axuda. Con este certificado xuntaranse os arquivos de cck::ub (.xml, .cee ou .hee, etc.) xerado, polo programa utilizado para a súa elaboración.
- O** Contra tou oferta asinada e orzamento desagregado por partidos, medicións, prezo, unitarios e totais, co IVE desagregado correspondente á súa aceptación expresa, por parte das persoas beneficiarias. Na folio resumo por capítulos deberá constar a sinatura e seio da empresa, o seu NIF e a data. As características dos partidos deste orzamento deberán coincidir cos especificados no proxecto ou o memoria, e tamen cos descritos no certificado de eficiencia enerxética.
- O** Copia de tres orzamentos, de conformidade co establecido no artigo 31 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no suposto de que o importe correspondente aos custos elixibles da actuación supere a contía de 40.000 euros para obras e/ou 15.000 euros en servizos ou subministracións para a mesma contratista ou provedor. A elección entre as ofertas presentadas realizárase conforme aos criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria á elección condo non recoña a proposta económica máis vantaxosa.
- O** Solicitude de licenza ou compromiso da súa presentación no prazo de tres meses dende a notificación da resolución de concesión da axuda. Se as obras están iniciadas, licenza urbanística, certificada do inicio das obras asinada polo persoal técnico titulado competente ou acta de implantación, asinada e datada polo persoal directivo do órgano a empregar e co visto e prace do propietario.
- O** Documentación acreditativa de que o inmoble é suxeito a algún nivel de protección de patrimonio cultural, no seu caso.
- D** Reportaxe fotográfica, preferible en cor, de todas as zonas que se vexan afectadas polas actuacións de rehabilitación, así como da fachada principal do edificio.
- O** Acordo entre a persoa arrendadora e arrendatario no que se establece a responsabilidade de facer e seu cargo as actuacións de rehabilitación que correspondan, o cambio do pogo do renda, no suposto de que a persoa beneficiaria sexa arrendatario, de conformidade co previsto no punto 5 do ordinal segundo, se loce o caso.
- O** No suposto das empresas arrendadoras ou concesionarias dos edificios, mí coma cooperativas previstas no punto 1.e) do ordinal segundo, contrato vixente que lles otorgue o foco de expresión para facer as obras de rehabilitación obxecto do programa.
- O** Anexo de comprobación de datos dos persoos que participe, nas obras e interesadas na subvención, para o caso do edificio de tipoloxía residencial colectiva de vivenda (deben presentarse tódolos datos como vivendas e locais participes e interesados na subvención se sinalen nos anexos correspondentes).
- D** Anexo que contenga o certificado do persoal secretario ou administradora de acordo da comunidade de persoas propietarias ou do agrupación de comunidades de persoas propietarias constituídas conforme o disposto no artigo 5 da Lei 49/1960, do 21 de xuño, sobre propiedades horizontais ou da asemblea do cooperativo, polo que se aproba a execución das obras de rehabilitación obxecto dos estudos, onde comle o nomeamento do persoal representante autorizado para solicitar a subvención, de ser o caso.

## SOLICITUDE DE AXUDAS AS ACTUACIONES DE REHABILITACION A NIVEL DE BARRIO (folia S de 6)

### DOCUMENTACION QUE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE (conllnuación)

- D** Anexo co certificado do acordo da agrupación de persoas físicas, de persoas xurídicas de natureza privada ou de persoa, físicas e de persoas xurídicas de natureza privada ou declaración do comunidade de bens, propietarias no seu conxunto do edificio obxecto do actuación, que reunan os requisitos establecidas no artigo 396 do Código civil e non outorgosen o taulo constitutivo de propiedade horizontal onde se acorda a execución dos obras, se nomea unha persoa representante do agrupación, con poderes bastantes, debendo especificar a recepción das persoas copropietarias, con indicación dos compromisos de execución asumidos por cada membro do agrupación, así como o importe do subvención que se aprorbe por cada un deles, de ser o caso.
- D** Avaliación favorable de adecuación ou declaración responsable do cumprimento do principio de non causar un prexuízo significativo ao ambiente no sentido establecido no punto 6) do artigo 2 do Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia. No caso de optar polo declaración responsable.
- D** axu, forose o contido do anexo que se facilitara no Oficina de Rehabilitación.
- D** Anexo de declaración de compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR e que puiden afectar obxecto do xestión, e de ausencia de conflito de intereses en relación coa execución e actuacións do PRTR
- D** Anexo de declaración de cesión e fragmento de datos en relación coa execución e actuacións do PRTR
- No caso de que se identifiquen situacións de vulnerabilidade económica nas persoas físicas propietarias ou usufructuarias das vivendas interesadas na axuda adicional, deberá presentarse coa solicitude, de ser o caso, a seguinte documentación:
- D** Anexo de declaracións responsables e comprobación de datos dos pasos físicas propietarias ou usufructuarias dos vivendas e dos persoas integrantes dos suas unidades de convivencia. Deben presentarse lentos anexos como persoas físicas interesadas no axudo adicional se sinón.
- D** Declaración do IRPF do último exercicio. No suposto de que non presentara declaración do IRPF cupa algunha das rentas exentas previstas no artigo 7 do Lei 35/2006, de 28 de novembro. Xunto coa declaración responsable engóndose a seguinte documentación, no seu caso:
- Certificada de retribucións e retencións da empresa ou empresas que estivera de alta.
  - Certificado de pensións ou prestacións periódicas, emitido polo correspondente organismo oficial.
  - Certificados bancarios de rendementos do capital mobiliario.
  - Certificado da cuantía percibida polo rendo de integración social de Galicia (RISGA).
- O** No suposto de nai xestante, certificado médico ou documentación acreditativa do seu estado.
- D** Certificado acreditativo de adopción en familia.
- D** Certificado ou volante de empoderamento do persoa físico solicitante e interesada no subvención, así como dos persoas integrantes dos suas unidades de convivencia.
- D** Certificado de discapacidade do persoa física solicitante ou, no seu caso, dos persoas físicos interesados no subvención, así como dos persoas integrantes dos suas unidades de convivencia.
- D** Documentación acreditativa da representación da persoa que actúe no nome do persoa física ou xurídica de natureza privado, ou entidade solicitante, de ser o caso.

## SOLICITUDE DE AXUDAS AS ACTUACIONES DE REHABILITACION A NIVEL DE BARRIO (folia 6 de 6)

### COMPROBACIÓN DE DATOS

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE APORTA OU AUTORIZA A CONSULTA DA SEGUNTE DOCUMENTACION, SEGUNDO AS CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN:

- NIF da persoa xurídica de natureza privada ou da entidade solicitante
- NIF do persoa ou entidade representante
- Autoriza a consulta do certificado calmtral de titularidade.
- Autoriza a consulta descritiva e galicados datos calmtrais do/s inmoible/s en que se van levar a cabo m actuacións, que acredile o seu uso.
- Autoriza a consulta de bens inmoibles.
- Autoriza a consulta de subvencións ou axudm.
- Autoriza a consulta de inhabmtacións para obter subvencións e axudas.
- Certificado de discapacidade da persoa foica solicitante no suposto de que declarase atoparse en situación de vulnerabilidade económica.
- Certificado de prestacións do Rexistro de Prmtacións Sociais Publicm, incapacidade temporal e maternidade do Instituto Nacional do Seguridade Social, no suposto de que declarase a toparse en situación de vulne,obiidade económica.
- Certificado das percepcións da renda de integración social de Galicia (RISGAI do persoa física solicitante, no suposto de que declarase a toparse en situación de vulnerabilidade económica.
- Certificado de Importes dos prestacións de desemprego percibidos pola perma física solicitante, no suposto de que declararo atoparse en situación de vulnerobmdade económica.
- Autoriza a consulta de concesións de subvencións polo regra de minimis, no cmo de que a persoa beneficiaria da axuda sexa unha persoa física ou xurídica de nalureza privada que exerza actividades económicas ou comerciais.
- Certificado da renda expedido pola AEAT da persoa física solicitante, no suposto de que declarase atoparse en situación de vulnerabilidade económica.

### INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Os datos do presente solicitude seran incorporados aos ficheiros municipais coa finalidade da instrución do presente procedemento.

Os referidos datos seran tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía de Dereitos dixitais e o Regulamento Xeral Europeo de Protección de Dato, 2016/679, do 27 de abril sendo responsable do seu tratamento o Concello de Monforte de Lemos, así como os departamentos do IGVS e do Ministerio de Transportes, Movilidade e Axenda Ikbana que tratan estes expedientes a nivel autonómico ou estatal, de ser o caso.

Os solicitantes dos subvencións poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición supresión, portabilidade, fimitación do tratamento de información ea non ser obxecto de decisións individuais automatizadas ante a Oficina de Municipal de Rehabilitación do Concello de Monforte de Lemos.

### FIRMA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

LUGAR E DATA

del

del